

*****TIPO DE LETRA*****

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE XULLO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta minutos do día un de xullo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro, D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 25 DE XUÑO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación a acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 25 de xuño do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 27 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.611.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.072.- A Alejo Gómez Dorrio, con enderezo en Avda. De Bueu 9 2o esq. Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente o reformado de proxecto de decembro de 2.012.

EXPEDIENTE Nº 24.354.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.230.- A Miguel Pena Fandiño, con enderezo en Avda. Xosé Maria Castroviejo - Ia Trav. 21 - Coiro, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente o reformado de proxecto de maio de 2.013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.587.- A María Lourdes Chapela Rios, con enderezo en Arrecife 20 - Cangas, para en Arrecife 24 e 22, legalización de consolidación de obra e conservación de volume de edificacións existentes en 138,10 m2 de planta baixa, outros tantos de primeiro andar e 23,80 de terrazas, de conformidade co proxecto de decembro de 2.012. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

3.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.627.- O tramitado a instancia de Alberto Fontan Figueroa, con enderezo en Limens Barreira 20 - Hio, para apertura de oco en edificación existente, denegase porque a edificación en cuestión está sometida o expedinte de retauración da legalidade urbanística n° 54/2011, pendiente de demolición.

3.A.3) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 19.223.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR IGLESPAN S.A.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 13 de xuño de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a IGLESPAN S.A., con enderezo en Fontaiña 29 - Aldan, para edificio, sito en Real 11 - Cangas, construido o abeiro da licenza municipal N° 18.997.

EXPEDIENTE N° 23.169.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR PILAR E DOLORES BARREIRO BLANCO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 13 de xuño de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Pilar e Dolores Barreiro Blanco, con enderezo en Avda. De Lugo 23 - Cangas, para reforma de edificación existente, sita en Saralegui 26 - Cangas, construida o abeiro da licenza municipal N° 22.373.

3.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Ns 24.425.- O tramitado a instancia de Oliverio González Estevez, con enderezo en Reibón - Meira - Moaña, para adición de baixo cuberta en Gatañal - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 6 de febreiro de 2013.

3.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 21.548.- Visto o expediente de solicitude de licencia de parcelación urbanística que promove Jaime Nuñez Riobó, con enderezo en Camiño de Piñeiro 3 - San Paio de Navia - Vigo, e que consiste nunha división en 5 parcelas netas, n° 1 de 1.101,85 m², n° 2 de 585, 00 m², n° 3 de 517,00 m², n° 4 de 516,00 m² e n° 5 de 473, 00 m² e outras cinco parcelas de cesión, n° 6 de 73, 45 m², n° 7 de 58, 50 m², n° 8 de 43, 37 m², n° 9 de 60,15 m² e n° 10 de 104,20 m², procedentes de unha finca matriz de 3.532,47 m², sita en Santa Marta - Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, deixar pendente de mellor estudo o expediente.

EXPEDIENTE N° 22.552.- Visto o expediente de solicitude de licencia de parcelación urbanística que promove Antonio Fernandez Chapela, con enderezo en San Blas 92 - Darbo, e que consiste nunha división en 4 parcelas netas, n° 1 de 441,98 m², n° 2 de 460, 10 m², n° 3 de 743, 36 m², n° 4 de 709, 42 e outras catro parcelas de cesión, n° 5

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

de 37, 09 m2, nº 6 de 14,62 m2, nº 7 de 31,96 e nº 8 de 28, 32, procedentes de unha finca matriz de 2.4166,85 m2, sita en San Blas - Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda deixar pendente de mellor estudo o expediente.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.502.- A Pilar Martinez Iglesias, con enderezo en Campo de Fútbol 6 - Coiro, para no referido lugar, reparar un cerco de 27,62 metros, de conformidade coa documentación presentada e tendo en conta a renuncia expresa da solicitante ó aumento

do valor expropiatorio. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.599 ausentouse do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.599 e 1.653.- A Josefa Graña Alfaya, con enderezo en rúa Hio 13 - Cangas, para no referido lugar, acondicionar interiormente un local para perruqueria de 44,90 m2, de conformidade co proxecto de abril de 2.013.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpinteria.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galeria ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Non se poderá comenazar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.605 e 1.654.- A Fatima González González, con enderezo en Estrada a Bueu 15 - 3o B - Aldan, para en Mendez Nuñez 26 - baixo - Cangas, executar reformas interiores en 7,72 m2 de tabique e 19,92 m2 de carpintería exterior, de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en, calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galeria ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

Non se poderá comenzar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Estav revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE N° 24.609.- A Franciso Andrés Rodriguez Gutierrez, con enderezo en Erbello - Aldan, para no referido lugar, construír unha edificación adxetiva de 20,00 m², de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.617.- A Antonia González Martinez, con enderezo en Cunchido de Arriba 49 - Darbo, para no referido lugar, chapear un muro de contención existente en e realce do mesmo de 13,00 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEIENTE N°24.620.- A COMUNICDADE DE PROPIETARIOS GATAÑAL, BLOQUE I, con enderezo en Pontillon 2, 4 e 6, para no referido lugar proceder a restitución da cuberta plana en 502,00 m² e pintado de fachadas en 976,47 m², de conformidade co proxecto visado o 24 de maio de 2.013.

EXPEDIENTE N° 24.624.- A Francisco Graña Aboy, con enderezo en Rúa Cega 4 - Io andar - Cangas, para en Rúa Cega 4 - baixo Cangas, pintar a fachada en 23,00 m², de conformidade coa documentación prsentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE N° 24.628.- A Adolfo Calvar Calvar, con enderezo en Avda. De Vigo 97 baixo C - Cangas, para en rúa Sol 12 - Cangas, substituir a carpintería da fachada traseira e pintala nunha superficie de 63,8 4 m², de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE N° 24.630.- A Moisés Barcia Rodríguez, con enderezo en Retirosa 87 - Coiro, para no referido lugar, construír unha caseta de 4,86 m², de conformidade coa documentación presentada

EXPEDIENTE N° 24.639.- A Manuela Abal González, con enderezo en Eirado do Sinal 10 - Cangas, para no referido lugar executar as seguintes obras: levantamento de terraza, impermeabilización e colocación de plaqueta en 11,25 m² tapiado de un oco e apertura de outro, de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Gangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE N° 24.640.- A Eduardo González Bermudez, con enderezo en Mendez Nuñez 4 - Cangas, para no referido lugar, efectuar obras de cambio de material de cubrición en 35,40 m² e retranqueo do mesmo para unha terraza de 6,96 m² e substitución de carpintería, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó AUTO DE DATA 18/06/2013 RECAÍDO NA PSE 287/2008 (RTR0.29/2011) EX PO 287/2008 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 25.6.13, referente ó auto de data 18.6.13 recaído na PSE 287/2008, EX PO 287/2008 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó AUTO DE DATA 18/06/2013 RECAÍDO NA PSE 287/2008 (RTR0.29/2011) EX PO 287/2008 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA (X-08/27).

Visto o contido da sentenza nº 204/2009 de data 01/09/2009, resolutoria do Procedemento Ordinario nº 287/2008 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, seguido a instancia de 'Construcciones Crespo, S.A.', que condenaba ó Concello 'a aboarlle á recorrente da cantidade de 18.049,59 €, xunto cos xuros devindicados ata a data do seu aboamento, a cuantificar no trámite de execución de sentenza.'

Visto que por auto recaído na Peza Separada de Execución 29/2011, de data 01/09/2011, se aprobou o pago aprazado da suma adebedada como principal en seis prazos, por parte da administración demandada, sen prexuízo da posterior liquidación de xuros, prazos que xa foron satisfeitos.

Visto o contido do auto de data 18/06/2013, notificado a representación procesal do concello o 19/06/2013 que aproba a liquidación de xuros por importe de 2.702,74 €, e require ó concello para que no termo de 30 días aboe a devandita suma.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do contido do auto de data 18/06/2013, notificado á representación procesal do concello o 19/06/2013, que aproba a liquidación de xuros por importe de DOUS MIL SETECENTOS DOUS CON SETENTA E CATRO (2.702,74) EUROS, e require ó concello para que no termo de 30 días aboe a mencionada suma.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de DOUS MIL SETECENTOS DOUS CON SETENTA E CATRO (2.702,74) EUROS, en concepto de xuros a favor de 'CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.', con CIF A 36001063, en cumprimento do requirimento contido do citado auto de data 18/06/2013, derivado da execución da sentenza resolutoria do Procedemento Ordinario 287/2008, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

proposta da Alcaldía de data 25.6.13, referente ó auto de data 18.6.13 recaído na PSE 287/2008, EX PO 287/2008 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

4.B) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 297/2013 DICTADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 297/2013 dictada pola Sección 4ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, referente ó procedemento ordinario nº 15.283/2008.

4.C) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 116/2013 DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 116/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, referente ó procedemento ordinario nº 439/2011.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.

TIPO DE LETRA

*******SACA-LA ACTA OFICIAL*******

NOTIFICACIÓN: no día da data o Sr. alcalde dictou a seguinte:

“RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de acordo coas facultades recollidas no artigo 82 do R.d. 2568/1986, por remisión do artigo 113 do mesmo texto legal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, e no caso da non existencia de quórum a sesión será unha hora despois en segunda convocatoria, que se realizará o día 1 de XULLO do ano que andamos, ás 13,30 horas, na casa do concello.

Segundo.- Fixa-la seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 25 DE XUÑO DO 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 27 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS. ”

RECURSOS PROCEDENTES.- Contra o presente acto que, pon fin á vía administrativa, poderase interpo_er RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICION, perante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o **Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra**, no prazo de DOUS MESES, contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpo_er ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, éste entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non dictara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpo_erse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, de conformidade co anterior, se produza o acto presunto.

O que traslado para o seu coñecemento.

Cangas, 27 de xuño do 2013.

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: BERTA ALONSO SOTO.

ÓRGANO MUNICIPAL CONVOCADO:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CLASE DE SESIÓN:	ORDINARIA
DATA DA REUNIÓN:	1 DE XULLO DO 2013
HORA DE COMEZO:	13,30 HORAS
LUGAR: CASA DO CONCELLO	DATA CONVOCATORIA: 27-06-13

DILIXENCIA DO/A NOTIFICADOR/A: para facer constar que procedín a facer entrega ós/ás Sres./as concelleiros/as e membros do concello que a continuación estampan a súa sinatura, dun exemplar da convocatoria e da orde do día para a sesión indicada.

O/A AXENTE NOTIFICADOR/A,

D. JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ

D. BERNARDINO FARO LAGOA

D. RAFAEL SOLIÑO COSTAS

D. PÍO MILLÁN BLANCO

D^a DOLORES GALLEGO SANTOS

D. JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO

D^a M^a LUCÍA LEDE FERNÁNDEZ

SUPLENTES:

D. JESÚS MANUEL GRAÑA GRAÑA

D. FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO

D^a M^a LUISA PRIETO RIAL

D^a BERTA ALONSO SOTO (**SECRETARIA XERAL**)

D^a M^a JESÚS PIÑEIRO BELLO (**INTERVENTORA**)

TABOLEIRO MUNICIPAL